

Luns, 4 de decembro de 2023

Núm. 233

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non presentarse reclamacións nin alegacións durante o prazo de exposición ao público, tras publicación de anuncio no BOPPO nº 209 de data 30.10.2023, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Arbo para a inclusión da delimitación das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais, tal e como se establece no artigo 21.1.b) da Lei 3/2007, do 9 de abril, redactado por SEAGA, na versión descargada o 09.08.2022, que consta no Expediente Gestiona 521/2018, que foi adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 20.10.2023.

O documento definitivamente aprobado do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Arbo atópase a disposición dos interesados no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Arbo (<https://sedelectronica.concellodearbo.gal>).

O que se fai público no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para xeral coñecemento.
O Alcalde, Horacio Gil Expósito. Documento asinado dixitalmente en data 29.11.2023.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LCF94GN6SMPULJ

